

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN FRONTE Á COVID-19 CURSO 2021-2022

ANPA CEIP EMILIO GONZALEZ LOPEZ



INTECTOMA, SL

Elaborado por:

INTECTOMA, S.L.
PREVENCIÓN DE RIESGOS LABORALES
Nº REGISTRO: 08/2001

Fecha: 13-09-2021

Realizado por:

INTECTOMA, S.L.
PREVENCIÓN DE RIESGOS LABORALES
Nº REGISTRO: 08/2001
María Guzmán Garrido
CIF: B24277493

Aprobado por:

Dirección/Gerencia



INDICE

1.	INTRODUCCIÓN	3
2.	OBJECTO	3
3.	ÁMBITO DE APLICACIÓN	4
4.	DESCRPCIÓN DEL CENTRO Y ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.....	4
5.	ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLA ANPA.....	7
6.	COMPOSICIÓN DOS GRUPOS	12
7.	NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO	12
8.	MEDIDAS PREVENTIVAS	13
8.1.	MEDIDAS PREVENTIVAS XERAIS	13
8.2.	COMEDOR.....	17
a.	Medidas preventivas durante o servizo de comedor	17
b.	Medidas preventivas ao finalizar o servizo de comedor	20
c.	Medidas de limpeza e hixiene ó finalizar o servizo de comedor.....	22
8.3.	ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES	25
a.	Medidas preventivas xerais.....	25
b.	Medidas preventivas por actividade.....	28
8.4.	SAÍDAS E EXCURSIÓNS – ACTIVIDADES EN CENTROS EXTERNOS	32
a.	Transporte do alumnado	32
b.	Medidas preventivas durante actividades e saídas culturais.....	33
8.5.	ACTIVIDADES DA ANPA	34
9.	XESTIÓN DE GROMOS.....	35
	ANEXO I – PLANOS	37
	ANEXO II – CARTELERÍA	42
	ANEXO III – ENQUISA DE AUTOEVALUACIÓN CLÍNICA DA COVID-19	57
	ANEXO IV – DECLARACIÓN RESPONSABLE.....	58
	ANEXO V – JARDANAY - PROTOCOLO COVID-19 – SERVIZO DE COMEDOR	59



1. INTRODUCCIÓN

Seguindo o Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid 19 nos Centros de Ensino non Universitario de Galicia para o curso 2021-22 versión 06 de xullo de 2021 publicado pola Consellería de Educación, como se recolle no apartado 12.1. “a realización de actividades extraescolares fora da xornada lectiva dentro do recinto do centro educativo, sexan organizadas polo ANPA do centro ou polos concellos, está condicionada á aprobación dun protocolo que se integrará como anexo no Plan de adaptación á situación COVID-19 no curso 2021/2022”, redáctase o presente Protocolo de Actuación fronte a COVID-19, segundo as pautas e directrices determinadas polo ANPA do CEIP Emilio Gonzalez Lopez.

Para a redacción deste documento tivéronse en conta as medidas indicadas no Protocolo de Adaptación ao Contexto do Covid 19 nos Centros de Ensino non Universitarias de Galicia para o curso 2021-22 versión 06 de xullo de 2021 publicado pola Consellería de Educación e o documento Medidas de Prevención, Hixiene e Promoción da Saúde fronte a Covid-19 para Centros Educativos no curso 2021-2022 do Ministerio de Educación.

2. OBXECTO

O obxecto do presente documento é determinar as medidas de prevención e protección fronte á COVID-19 e as responsabilidades das empresas organizadoras ou xestoras das actividades extraescolares promovidas polo ANPA.

Ningún membro da actual xunta directiva do ANPA Brexo – Lema do CEIP Emilio González López con CIF G15256837 e dirección social en Rúa Lamelas, 21 en Brexo – Lema, no Concello de Cambre, faise responsable das complicacións ou gromos derivados da oferta de servizos complementarios para a comunidade escolar do CEIP Emilio González López.

A única motivación do ANPA é ofertar ás familias da comunidade escolar do CEIP Emilio González López unha alternativa segura para que poidan conciliar a súa vida laboral coa persoal, sen necesidade de poñer en risco aos seus fillos e fillas, nin ós seus maiores (avós, avoas e demais familiares de risco), optando por opcións non protocolarizadas, nin coas medidas preventivas recomendadas polas autoridades sanitarias.

O documento desenvólvese de acordo á normativa vixente, sen prexuízo das modificacións ao mesmo que poidan realizarse posteriormente, de acordo ao que se poida dispoñer na normativa concernente á materia. Estas medidas iranse actualizando cando sexa necesario, se os cambios na situación epidemiolóxica así o requiren.


3. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Este documento será de aplicación ó CEIP Emilio Gonzalez Lopez, ó servizo de comedor e ás actividades extraescolares do centro escolar: patinaxe, ioga, xogos musicais, atletismo, ciencia divertida, zumba, ximnasia rítmica, judo, baile galego, capoeira, kick-boxing, e natación.

Tamén será de aplicación ás eventuais actividades que poida desenvolver a ANPA ó longo do curso escolar e que veñen sendo habituais no seu calendario anual, sempre que se poidan garantir as medidas de seguridade.

4. DESCRPCIÓN DEL CENTRO Y ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

O CEIP Emilio Gonzalez Lopez atópase situado en Rúa Lamelas nº 21 en Brexo Lema, no Concello de Cambre.




No CEIP Emilio Gonzalez Lopez realizan os seus estudos 165 alumnos desde 4º de Educación Infantil a 6º de Educación Primaria, cunha clase por curso, excepto 6º de Educación Primaria que conta con dúas liñas. Cada unha estas clases constituirá un grupo estable de convivencia, cun máximo de 25 alumnos.


O centro conta cun edificio de dúas plantas no que se atopan as aulas e un comedor, anexo a estas instalacións atópase o Pavillón Municipal Bernardo Bish.

As instalacións distribúense segundo os seguintes planos de planta:


- Edificio do colexio – Planta baixa




- Edificio do colexio – Planta primeira



- Edificio comedor



- Pavillón



5. ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLA ANPA

O ANPA CEIP Emilio Gonzalez Lopez ten previsto ofertar as actividades de comedor e actividades extraescolares para o curso 2020-2021.







No que se refire ao servizo de comedor, establécense dúas quendas:

- Primeira quenda: a partir das 14:15 entran no comedor os alumnos de Educación Infantil. Os alumnos de 1º e 2º de Educación Primaria empezan a baixar as 14:30 en van entrando por grupos estables de convivencia da aula.
- Segunda quenda: a partires de 15:00 entran no comedor os alumnos de 3º a 6º de Educación Primaria.

Cada monitor recollerá ó seu grupo (aula) de Educación Infantil ás 14:15 en cada unha das aulas, e conduciraos ó comedor, os nenos sentaranse por grupo estable de convivencia nos postos que teñan asignados.

Os alumnos sentaran no comedor agrupados por aulas, de maneira que se manteña a continuidade do grupo do grupo estable de convivencia ao que pertenza. Manterase unha separación entre grupos non estables de convivencia de 1,5 metros.

Os alumnos sentarán no comedor segundo os seguintes escenarios:



Ás 14:30, mentres comen os nenos de Educación Infantil, os monitores recollen aos alumnos de 1º e 2º Educación Primaria tamén nas aulas, durante o traslado manteranse os grupos estables de convivencia.

Tamén ás 14:30, os alumnos de 3º a 6º de Educación Primaria serán acompañados polos seus profesores á aula de informática, onde esperarán cos seus monitores a súa quenda de comedor ás



15:00.

A espera realizarana separados por grupos estables de convivencia. Débese respectar a distancia entre grupos estables de convivencia de 1,5 metros. Cando chegue a súa quenda o monitores guiaranos ao comedor a través dunha das portas de saída traseiras.

As saídas dos nenos de Educación Infantil e os de Educación Primaria que non vaian ao comedor, será graduada, por grupo de conveniencia estable e seguindo o indicado polo Plan de Actuación do centro.

Na súa quenda de comedor os alumnos irán entrando por grupo estable de convivencia e sentándose no lugar que teñan asignado. Manterase unha separación entre grupos non estables de convivencia de 1,5 metros.

Cando os alumnos do comedor de ambas as quendas senten xa terán servido o primeiro plato en pratos individuais. Non se poñerán bandexas para servir aos nenos na mesa, senón que o servizo será individual, primeiro o entrante e, cando o acaben, o prato principal.

Será obrigatorio o uso de máscaras para os alumnos de educación primaria e recomendable para os alumnos de infantil, só poderán quitala no momento concreto da comida. Os nenos terán que levar ao comedor un estoxo para gardala, e prohibirase que os alumnos depositen a máscara na mesa.

Os alumnos permanecerán en todo momento sentados e só retirarán a máscara no momento de comer. Cada alumno sentará no mesmo lugar cada día e levarase rexistro do posto que ocupa cada neno, co fin de facilitar a localización de contactos no caso de que se produza un gromo.

Non se colocarán xerras de auga na mesa, será o coidador o que encha os vasos, tendo acceso unicamente el á xerra.

O persoal colaborador respectará os ratios que correspondan ó número de alumnos presentes en cada un das quendas. O persoal colaborador será o mesmo en cada un das quendas.

Entre as quendas de comedor a empresa que realiza o servizo realizará a limpeza e desinfección das superficies e unha ventilación da sala durante 15 minutos.

Durante o comedor os alumnos de Educación Infantil, 1º e 2º de Primaria deixarán as mochilas no soportal da entrada do comedor e os alumnos de 3º a 6º de Educación Primaria deixarán as mochilas no soportal da porta principal. As zonas estarán debidamente sinalizadas para cada grupo. Os abrigos colgaranos no respaldo da cadeira.



Unha vez finalizado a quenda de comedor os alumnos sairán á zona que teñan asignada, acompañados polos seus monitores e esperarán separados segundo o seu grupo estable de convivencia.

- Os alumnos de Educación Infantil estarán na zona exterior dianteira nunha zona dividida en tres espazos. En caso de choiva estarán na aula de informática.
- Os alumnos de Educación Primaria estarán na zona exterior traseira, que se dividirá en 7 zonas, unha por cada grupo estable de convivencia. En caso de choiva os alumnos estarán na aula de música.

Os alumnos levarán as súas pertenzas con eles e cando as depositen farano da maneira o máis individualizada posible, sen xuntalas coas doutros compañeiros.

Os monitores vixiarán que neses espazos se manteñan en todo momento os grupos estables de convivencia e a distancia de 1,5 metros entre eles.

Os alumnos esperarán cos monitores do comedor ata a súa saída. No caso de alumnos que realicen actividades, a coordinadora das actividades entregarallos aos monitores das devanditas actividades, e eles guiaranos, por grupo estable de convivencia, a cada sala para a actividade correspondente.

Os alumnos que non vaian realizar actividades extraescolares sairán as 15:30. Os alumnos que o prefiran poderán permanecer na ludoteca do comedor ata as 16:20.


Por último, entre las 16:20 e as 17:45 terán lugar as actividades extraescolares ofertadas polo ANPA nas seguintes ubicacións e aforos máximos:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Pavillón	Patinaxe 1 (20 nenos) Patinaxe 2 (20 nenos)	Atletismo (20 nenos)	Judo (20 nenos)	Capoeira (20 nenos)	Zumba 2 (15 nenos)
Aula música	loga 2 (6 nenos)	Xogos musicais (15 nenos)	Zumba 1 (15 nenos)	Kick-Boxing (10 nenos)	
Aula informática				Baile Galego (10 nenos)	


Ademais os venres ofértase a actividade de natación, nun centro externo, co aforo permitido polo concello. Os nenos desprázanse desde o colexio, nun autobús non xestionado pola ANPA.

As actividades desenvolveranse nos seguintes espazos:


- Edificio do colexio – Planta baixa



- Pavillón:



- Edificio comedor:



6. COMPOSICIÓN DOS GRUPOS

Seguirase en todo momento a normativa vixente en relación ás restricións no aforo e agrupacións ditadas pola normativa e autoridades competentes, que poden ser máis restritivas que as indicadas e que poden ir cambiando no transcurso da pandemia.

Os grupos estarán formados preferentemente por alumnos pertencentes ó mesmo grupo estable de convivencia marcado polo centro.

7. NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO

Os pais/nais/titores legais asinarán unha declaración de responsable ao comezo das actividades na que se comprometen a valorar e respectar as medidas preventivas recollidas neste documento e no Protocolo de Adaptación ao Contexto do Covid 19 nos Centros de Ensino non Universitario de Galicia para o curso 2021-22.

Os pais/nais/titores realizarán a enquisa de autoavaliación que se adxunta no anexo III do presente documento. E informarán o monitor no caso de que se dea algunha das circunstancias previstas na enquisa de autoavaliación para o seu coñecemento e traslado ao centro educativo, que o poñerá en coñecemento do Equipo Covid.



8. MEDIDAS PREVENTIVAS

Descríbense a continuación as medidas preventivas que se deben ter en conta na realización de cada unha das actividades.

8.1. MEDIDAS PREVENTIVAS XERAIS

- Evitaranse aquelas actividades no centro educativo que supoñan a mestura de alumnos de grupos de convivencia ou clases, así como as que esixan unha especial proximidade.

Formarase un grupo estable da actividade no que se manterá sempre a distancia de seguridade entre os nenos e con respecto ao monitor.

- Débese priorizar a realización das actividades no exterior. En actividades no interior, evitaranse aglomeracións e respectarase o aforo da sala, que deberá ser tal que permita a separación de 1,5 metros entre alumnos.

En caso de alumnado sentado, e pertencente a mesma clase (grupo de convivencia estable da aula), a distancia de seguridade poderase reducir a 1,2 metros, medidos entre eixo de cadeira.

- Levarase un rexistro das persoas que participan na actividade, así como do lugar que ocupan, que deberá ser fixo durante todo o curso, non podendo cambiar de compañeiros, co fin de facilitar a localización dos contactos estreitos.
- Non deben acudir ao centro educativo os alumnos nin os monitores cos seguintes síntomas: febre ou febrícula (>37), tose, conxestión nasal, dor de garganta, dificultade respiratoria, dor torácica, dor de cabeza, dor abdominal, vómitos, diarrea, dor muscular, malestar xeral, lesións ou manchas na pel, diminución do olfacto e o gusto, calafríos..
- Instruírse ás familias e aos nenos, para que no caso de atoparse mal, avisen aos seus titores na clase ou no comedor, para evitar que acudan ás actividades extraescolares con síntomas. De ser o caso avisarase ao Equipo COVID-19, illarase ao alumno e avisarase aos seus pais para que acudan canto antes ao centro (seguirase o procedemento indicado no punto 9 Xestión de Contaxios).
- Non estará permitida a entrada a persoa alleas (pais/nais/titores) nas actividades nin nas instalacións deportivas. Así como tampouco estará permitido estar na instalación fóra da hora da actividade. Tampouco estará permitida a presenza dos propios participantes cando fora da súa hora de actividade.
- O uso de máscara será obrigatorio para todo o alumnado de Educación Primaria en todos os espazos do centro educativo, tanto dentro como fora da aula ou espazo onde se desenvolve a actividade, entradas, saídas e percorridos polo centro. Esta obrigación é extensible a alumnado, monitores, persoal non docente, persoal de limpeza e toda aquela persoa que deba acceder ao



centro por motivos estritamente necesarios. Para o alumnado de Educación Infantil o uso de máscara de protección non será obrigatorio pero se recomendable durante o desenvolvemento da actividade e nas entradas e saídas do centro.

As máscaras que se utilicen teñen que estar certificadas:

- As máscaras hixiénicas cumprirán as especificacións da UNE 0064
 - As máscaras hixiénicas reutilizables as especificacións da UNE 0065
 - As máscaras cirúrxicas terán marcado CE e cumprirán as especificacións da UNE EN 14683.
 - As máscaras tipo EPI, poden ser FFP1, FFP2, ou FFP3, sempre sen válvula de exhalación, terán marcado CE e cumprirán as especificacións da UNE EN 149.
- Será obrigación do alumnado levar unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, por exemplo no comedor.
 - Cumprirse as indicacións dos fabricantes das máscaras, especialmente no indicado sobre tempos de utilización e métodos de desinfección se se trata de máscaras reutilizables.
 - Evitar tocar os llos, o nariz e a boca.
 - Non se poderán compartir botellas de auga, que deberán estar claramente identificadas e situadas na mochila de cada asistente xunto co resto de obxectos persoais.
 - Hixiene de mans: A hixiene de mans realizarase con auga xabonosa ou xel hidroalcohólico e será obrigatoria despois de xogar, tocar material deportivo, de ir ao baño, esbirrar, tусir e cando o determine a persoa monitora.

Para o alumnado de 1º e 2º ciclo de Educación Infantil, restrínxese o uso de xel hidroalcohólico, priorizando o uso de auga e xabón ou outro tipo de solucións xabonosas. Para o alumnado de Educación Primaria extremarase o coidado co uso do xel hidroalcohólico, administrando unha cantidade de xel adecuada ao tamaño de mans de cada neno/a informando aos nenos/as de que debe ser absorbido antes de realizar outras tarefas. Nos grupos de idade ata os 7 anos, deberase prestar atención por parte das persoas responsables á aplicación de xel por parte do alumnado..

- Correcta hixiene de mans cada vez que se use material compartido.
- Ventilación de espazos para evitar a transmisibilidade. As clases organizaranse de tal forma que se poida realizar unha ventilación de polo menos 10/15 minutos por hora. Realizarase unha ventilación previa ao comezo da actividade de polo menos 5 minutos. Cando as condicións meteorolóxicas e do edificio o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible durante o desenvolvemento da actividade. As portas permanecerán abertas para favorecer a circulación do aire e especialmente se as fiestras se atopan pechadas.



- As solucións hidroalcohólicas a utilizarás serán as indicadas polo Ministerio de Sanidade na listaxe de virucidas autorizados.

A listaxe de virucidas autorizados pódese consultar na seguinte páxina web:
https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccays/alertasActual/nCov/documentos/Listado_virucidas.pdf

- Ao tusir ou esberrar non se retirará a máscara. En caso de ter que retirala, cúbrase a boca e o nariz cunha toalla de papel que se refugará na papeleira, ou fágao empregando a flexión do cóbado e sempre afastándose do resto de persoas.
- Realizar hixiene de mans con frecuencia, especialmente despois de tocar secrecións respiratorias (esberrar, tusir, usar panos) e/ou obxectos con posibilidade de estar contaminados, así como antes e despois de comer ou usar os baños ou ao tocar material susceptible de ser compartido.
- Manter a distancia física recomendada de 1,5 metros entre persoas.
- Na aula, no propio pupitre ou noutro lugar diferenciado, como mobiliario, os alumnos almacenarán o seu material de forma diferenciada para evitar o contacto co resto de compañeiros. A roupa e mochilas dos alumnos dispoñeráse da forma máis individualizada posible, as mochilas situaranse xunto á mesa do alumno e roupa, cazadoras situaranse no respaldo da cadeira de cada alumno. Non se utilizen os colgadoiros nin os vestiarios.
- Asignaranse postos fixos ao alumnado para todo o curso escolar, co obxectivo de realizar unha mellor trazabilidade dos contactos.
- Corresponde aos monitores manter unha conduta exemplar no cumprimento das medidas de protección e, de acordo coas capacidades do grupo, calquera contido utilizarase para inculcar nos estudantes a conciencia da natureza social da pandemia e o beneficio común de cumprir coas regras.
- O material compartido non se pode utilizar sen desinfección previa.
- En cada cambio de grupo, os monitores serán responsables da hixiene das súas mans e do material de uso das actividades, do cumprimento das medidas de ventilación e de lembrar aos alumnos as medidas de hixiene e seguridade.
- Os monitores contarán con información e formación adecuada sobre o COVID-19, especialmente no que se refire a medidas preventivas, medios de protección, protocolos de actuación en caso de ter febre ou de que un neno presente síntomas. Esta información e formación deberá estar actualizada segundo as indicacións das autoridades sanitarias.
- O uso dos aseos limitarase a unha simultaneidade non superior ao 50% do seu aforo. O alumnado debe desinfectarse as mans ao deixalo. Os monitores indicarán ao alumnado que ao chegar ao aseo, o alumno pregunte a viva voz se está ocupado, e en caso de estalo esperará no



sinal indicador colocado a un metro da porta do aseo ata que salga o alumno que estaba no seu interior.

- Non se usarán os aseos do pavillón, so os do interior do centro, os alumnos utilizarán os aseos que teñen asignados durante a xornada lectiva. Se é necesario, acompañaraos a Coordinadora.
- Seguiranse as indicacións do plan de adaptación do centro, especialmente no que se refire a aforos de espazos, entradas, saídas, itinerarios...
- A persoa monitora sairá a recibir ao grupo cando a instalación este libre.
- Habilitarase unha porta de entrada e outra de saída para evitar a acumulación de persoas. No caso de non ser posible esta opción polas características do centro educativo, primeiro efectuarase a saída e posteriormente a entrada do novo grupo. No exterior marcaranse zonas para esperar a entrada e a saída que garantan as distancias de seguridade. Para garantir un proceso áxil precisarase a máxima puntualidade.



8.2. COMEDOR

a. Medidas preventivas durante o servizo de comedor

MEDIDA	APLICACIÓN DA MEDIDA	APLICACIÓN DA MEDIDA EN EDUCACIÓN INFANTIL	APLICACIÓN DA MEDIDA EN EDUCACIÓN PRIMARIA
ESCALONAMENTO	ESTABLECER QUENDAS DE COMEDOR	<ul style="list-style-type: none"> Establécense dúas quendas: a partir das 14:15 entran no comedor os alumnos de Educación Infantil. Cada monitor recollerá ao seu grupo (aula) de Educación Infantil ás 14:15 en cada unha das aulas, e conduciraos ao comedor, os nenos sentarán por grupos estable de convivencia nos postos que teñan asignados. 	<ul style="list-style-type: none"> Establécense dúas quendas. Os alumnos de 1º e 2º de Educación Primaria empezan a baixar as 14:30 en van entrando por grupos estables de convivencia da aula. Segunda quenda: a partires de 15:00 entran no comedor os alumnos de 3º a 6º de Educación Primaria.. Ás 14:30 os monitores recollen aos alumnos de 1º e 2º Educación Primaria nas aulas, durante o traslado manteranse os grupos estables de convivencia. Os alumnos de 3º a 6º de Educación Primaria serán acompañados polos seus titores á aula de informática, onde esperarán cos seus monitores a súa quenda de comedor ás 15:10. A espera realizarana separados por grupos estables de convivencia. Débese respectar a distancia entre grupos estables de convivencia de 1,5 metros. Cando chegue a súa quenda o monitores guiaranos ao comedor a través dunha das portas de saída traseiras.
		<ul style="list-style-type: none"> O alumno sentará no comedor agrupado por aulas, cada mesa será para unha aula de maneira que se manteña a continuidade do grupo do grupo estable de convivencia ao que pertenza. Manterase unha separación entre grupos non estables de convivencia de 1,5 metros. Cando os alumnos senten xa terán servizo o primeiro planto en pratos individuais. Non se poñerán bandexas para servir aos nenos na mesa, senón que o servizo será individual, primeiro o entrante e, cando o acaben, o prato principal. 	
CONTROL E TRAZABILIDADE	CONTROL E TRAZABILIDADE	<ul style="list-style-type: none"> Asignaranse postos fixos durante todo o ano para o alumnado e garantirase a estanquidade. A empresa que proporciona o servizo de comedor, deberá entregar ao Equipo Covid do centro, un plano de situación no que constarán os postos fixos asignados a cada alumno/a para garantir o control e seguimento epidemiolóxico. Levará control diario da asistencia do alumnado ao comedor co mesmo fin. 	



MEDIDA	APLICACIÓN DA MEDIDA	APLICACIÓN DA MEDIDA EN EDUCACIÓN INFANTIL	APLICACIÓN DA MEDIDA EN EDUCACIÓN PRIMARIA
DISTANCIA INTERPERSONAL	SEPARACIÓN DE GRUPOS ESTABLES	<ul style="list-style-type: none"> - Os alumnos do mesmo grupo estable de convivencia poderanse sentar sen requisitos de distancia. Manterase a distancia de 1,5 metros entre diferentes grupos estables de convivencia, ou ben se separarán por medio de mamparas. - Tomaranse as seguintes medidas por orde de prioridade ou combinadas: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Aumentar o número de quendas para reducir o aforo do comedor en cada momento da comida. As quendas estableceranse (incluíndo a flexibilización da última de hora de horario lectivo) en función da capacidade horaria do transporte escolar, e do persoal dispoñible para atender aos comensais, que será o adecuado ao cociente de comensais que coman en cada quenda. ▪ utilizar espazos lindeiros ao comedor co mobiliario do que dispoñen os centros de modo que se cumpra a distancia de 1,5 metros. ▪ Instalar mamparas ou separacións de polo menos 60 cm de altura colocadas directamente sobre as mesas que separen alumnos encarados ou contiguos polo que se non será preciso respectar a distancia de 1,5 metros. 	
		<ul style="list-style-type: none"> - O traslado aos comedores desde as aulas procurarase facelo mantendo o grupo, evitando que deambulen polo centro alumnos sós. - Distancia de 1,5 m entre os membros do persoal manipulador do servizo, evitando a coincidencia de varios manipuladores en cociña cando isto non permita manter esta separación. 	
EQUIPOS DE PROTECCIÓN	USO DE MÁSCARAS	<ul style="list-style-type: none"> - Recomendado o uso de máscara nos traslados ata comedores para os grupos de Educación Infantil. - Obrigatorio máscara para monitores e persoal do servizo de comedor en todo momento. - En caso de existir varios pratos recoméndase o uso de máscara no período entre ambos. - Os nenos terán que levar ao comedor un estoxo para gardala, prohibírase que os alumnos depositen a máscara na mesa. 	<ul style="list-style-type: none"> - Obrigatorio máscara para todos os usuarios do servizo (alumnos e profesores) en traslados e accesos a comedor, ata inicio de consumo unha vez sentados, e en saída do comedor, unha vez abandonan a súa mesa. En caso de acudir a lineais para ser servidos, farano cubertos con máscaras. - Obrigatorio máscara para monitores e persoal do servizo de comedor en todo momento. - En caso de existir varios pratos recoméndase o uso de máscara no período entre ambos. - Os nenos terán que levar ao comedor un estoxo para gardala, prohibírase que os alumnos depositen a máscara na mesa.
	USO DE LUVAS	<ul style="list-style-type: none"> - Obrigatorio en persoal de cociña 	



MEDIDA	APLICACIÓN DA MEDIDA	APLICACIÓN DA MEDIDA EN EDUCACIÓN INFANTIL	APLICACIÓN DA MEDIDA EN EDUCACIÓN PRIMARIA
HIXIENE	LAVADO E/OU DESINFECCIÓN DE MANS	<ul style="list-style-type: none"> Os nenos lavarán as súas mans antes de sentar no comedor. Lavado de mans despois de comer 	<ul style="list-style-type: none"> Os nenos lavarán ou desinfectarán as súas mans no acceso ao comedor. Lavado de mans despois de comer
	EVITAR O CONTACTO MULTIPLE DE OBXECTOS	<ul style="list-style-type: none"> As portas de acceso ao comedor permanecerán abertas na hora de recepción de cada quenda de comidas, a fin de evitar o contacto múltiple das mans cos pomos das portas O servizo de comidas non se realizará en ningún caso baixo sistema de autoservizo. O persoal do servizo de comedor serve a comida na mesa. Tampouco se recollerán mediante sistema de autoservizo nos lineais nin cubertos, nin panos de mesa (estes serán colocados nos postos das mesas polo persoal do comedor, e entregados aos comensais no caso de que haxan de ser repostos. As xerras de auga non serán manexadas polos comensais, sendo os monitores ou persoal de servizo do comedor os que sirvan a auga e encha os vasos. As xerras non se atoparán situadas na mesa dos comensais. Os combos (vinagrera e aceiteira) para aderezo de ensaladas tampouco serán manipulados polos comensais. Serán manexados e servido o seu contido polo persoal do comedor ou polos monitores. 	
	LAVADO E DESINFECCIÓN DE MOBILIARIO E SUPERFICIES DE SALA	<ul style="list-style-type: none"> Todos os elementos do enxoval de cociña e de comedor serán hixienizados mediante lavado mecánico en lavalouzas, con aclarado a $T^{\circ} \geq 82^{\circ} C$ En cada cambio de quenda no servizo de comedor farase unha oportuna limpeza e desinfección. Desinfección completa de sala ao final da xornada 	
	VENTILACIÓN E DESINFECCIÓN	<ul style="list-style-type: none"> Os locais utilizados no servizo de comedor ventilaranse con ventilación cruzada cando menos 15 minutos antes e 15 minutos despois de cada quenda. As portas permanecerán abertas e se as circunstancias meteorolóxicas o permiten manterase unha mínima ventilación cruzada durante todo o servizo. 	
FORMACIÓN E INFORMACIÓN	MARCACIÓN DE ITINERARIOS CARTELERIA	<ul style="list-style-type: none"> Os traballadores da empresa do servizo de comedor contarán con información e formación adecuada sobre o COVID-19, especialmente no que se refire a medidas preventivas, medios de protección, e protocolos de actuación. Esta información e formación deberá estar actualizada segundo as indicacións das autoridades sanitarias.. Sinalizar os itinerarios de acceso, saída e entrada, así como de distancia de seguridade entre persoas ou grupos en accesos e corredor de sala Carteis en acceso de lavado de mans, uso obrigado de máscara en acceso e movementos interiores, normas na mesa (non intercambio de utensilios nin de comida), non invasión do espazo doutros grupos nin interacción persoal con eles, etc.. 	



b. Medidas preventivas ao finalizar o servizo de comedor

MEDIDA	APLICACIÓN DA MEDIDA	APLICACIÓN DA MEDIDA EN EDUCACIÓN INFANTIL	APLICACIÓN DA MEDIDA EN EDUCACIÓN PRIMARIA
ESCALONAMENTO	ESTABLECER TURNOS DE COMEDOR	<ul style="list-style-type: none"> – Unha vez finalizada a quenda de comedor os alumnos sairán á zona que teñan asignada, acompañados polos seus monitores e esperarán separados segundo o seu grupo estable de convivencia. – Os alumnos de Educación Infantil estarán a zona exterior dianteira nunha zona dividida en tres espazos. En caso de choiva estarán na aula de informática. 	<ul style="list-style-type: none"> – Unha vez finalizada a quenda de comedor os alumnos sairán á zona que teñan asignada, acompañados polos seus monitores e esperarán separados segundo o seu grupo estable de convivencia. – Os alumnos de Educación Primaria estarán na zona exterior traseira, que se dividirá en 7 zonas, unha por cada grupo estable de convivencia. En caso de choiva os alumnos estarán na aula de música.
DISTANCIA INTERPERSOAL	SEPARACIÓN DE GRUPOS ESTABLES	– Tanto no exterior, como na aula de informática ou no pavillón manteranse ordenados por grupos estable de convivencia e separados 1,5 metros dos demais grupos..	
EQUIPOS DE PROTECCIÓN	USO DE MASCARILLAS	<ul style="list-style-type: none"> – Recomendado o uso de máscara. – Obrigatorio máscara para monitores e persoal do servizo de comedor en todo momento. 	<ul style="list-style-type: none"> – Obrigatoria máscara para todos os usuarios do servizo (alumnos e profesores). – Obrigatorio máscara para monitores e persoal do servizo de comedor en todo momento..
HIXIENE	LAVADO Y/O DESINFECCIÓN DE MANOS	– Lavado de mans despois de comer	– Lavado de mans despois de comer
	EVITAR EL CONTACTO MULTIPLE DE OBJETOS	<ul style="list-style-type: none"> – Os estudantes non compartirán material para o seu propio uso con ningún dos seus compañeiros de clase. – O material compartido non se pode utilizar sen desinfección previa. O material que se comparte, debe desinfectarse ao comezo da actividade e unha vez finalizada. – A roupa e mochilas dos alumnos disporase da forma máis individualizada posible. 	



MEDIDA	APLICACIÓN DA MEDIDA	APLICACIÓN DA MEDIDA EN EDUCACIÓN INFANTIL	APLICACIÓN DA MEDIDA EN EDUCACIÓN PRIMARIA
HIXIENE	LAVADO E DESINFECCIÓN DE MOBILIARIO E SUPERFICIES DE SALA	<ul style="list-style-type: none"> - Unha vez finalizada a actividade a empresa de comedor encargárase da limpeza das superficies do comedor, e os elementos utilizados. - Ao final de cada xornada lectiva o persoal de limpeza asignado polo Concello de Cambre ao centro escolar realizará a limpeza dos chans e dos elementos estruturais do comedor. - En todo caso asegurarámonos da eficacia dos desinfectantes que se usan e de que se utilizan de acordo coas fichas de seguridade dos produtos químicos. - Despois de cada limpeza, os materiais utilizados e o equipo de protección utilizado eliminaranse de forma segura, seguido dun lavado de mans. - Manter hixienizadas en todo momento os trapos e fregadores e cambialas periodicamente. Débese evitar o uso de trapos utilizando en todo caso papel dun só uso ou panos refugables. Os rolos de papel dun só uso deben estar colocados no correspondente portarrollos. - A xestión dos residuos ordinarios continuará realizándose do modo habitual, respectando os protocolos de separación de residuos. - Para a limpeza utilizaranse os produtos virucidas recomendados polo Ministerio de Sanidade. - Todos os elementos do enxoval de cociña e de comedor serán hixienizados mediante lavado mecánico en lavalouzas, con aclarado a $T^{\circ} \geq 82^{\circ} C$ 	
FORMACIÓN E INFORMACIÓN	MARCACIÓN DE ITINERARIOS CARTELERIA	<ul style="list-style-type: none"> - Os traballadores da empresa do servizo de comedor contarán con información e formación adecuada sobre o COVID-19, especialmente no que se refire a medidas preventivas, medios de protección, e protocolos de actuación. Esta información e formación deberá estar actualizada segundo as indicacións das autoridades sanitarias.. - Sinalizar os itinerarios de acceso, saída e entrada, así como de distancia de seguridade entre persoas ou grupos en accesos e corredor de sala - Carteis en acceso de lavado de mans, uso obrigado de máscara en acceso e movementos interiores, normas na mesa (non intercambio de utensilios nin de comida), non invasión do espazo doutros grupos nin interacción persoal con eles, etc.. 	

c. Medidas de limpeza e hixiene ó finalizar o servizo de comedor

Unha vez finalizado o servizo a empresa responsable encargarse da limpeza de superficies, e dos elementos utilizados. E o persoal de limpeza asignado polo Concello de Cambre ao centro escolar realizará a limpeza dos chans e dos elementos estruturais do comedor.

Garantir que o proceso de desinfección da vaixela e xogo de cubertos leva a cabo a temperaturas superiores a 80° C (lavalouzas).

Limpar e desinfectar os utensilios (pinzas, paletas de máquinas de xeo, culleres de xeados, etc.).

Manter hixienizadas en todo momento as panos e fregadores e cambiallos periodicamente. Débese evitar o uso de trapos utilizando en todo caso papel dun só uso ou panos refugables. Os rolos de papel dun só uso deben estar colocados no correspondente portarrollos.

O Covid-19 pode resistir varias horas nas superficies de plástico e aceiro. Por iso recoméndase a intensificación da limpeza neste tipo de superficies para evitar o avance do número de contaxiados de coronavirus.

Tendo isto en conta, limparanse e desinfectarán os lugares de traballo compartidos, en cada cambio de quenda, e ao final da xornada, deixando actuar o produto de limpeza, con especial atención ao mobiliario e demais elementos susceptibles de manipulación, especialmente naqueles utilizado por máis dun usuario que realizará ao final do uso individual a limpeza dos elementos utilizados.

En todo caso asegurarámonos da eficacia dos desinfectantes utilizados e de que se usan de acordo ás fichas de seguridade dos produtos químicos e ás indicacións presentes nas etiquetas.

Resultan eficaces como desinfectantes dilucións de lixivia recentemente preparada (1:50) ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Saúde.

Os produtos virucidas recomendados polo Ministerio de Sanidade pódense consultar na páxina web: https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/documentos/Listado_virucidas.pdf.

Algúns destes produtos son:

- Bactoclean
- Sure Cleaner Disinfectant Spray
- Ecodyl
- Germ Spray Care Perfect Disinfection
- Lactic
- Germ Trol Care Perfect Disinfection
- Vaprox Hydrogen Peroxide Sterilant
- Vaprox 59 Hydrogen Peroxide Sterilant
- Rely+On Virkon
- Ox-Virin
- Sanitas Procsan
- Desinfectante Conejo
- Lonzagard Dr 25 aN
- Sanytol Desinfectante Hogar y Tejidos
- Anpiclor 150
- Oxivir Plus
- Oxivir Plus Spray
- Oxivir Plus Jflex
- Activ B40 New
- Ox-Virin Presto al Uso
- Pastillas Cleanpill
- Gardobond Additive H7315
- Acticide C&D 06
- Acticide C&D 04
- Acticide C&D 01
- Pastillas Desinfectantes Multiusos Orache
- Oxivir Excel Foam
- Oxivir Excel
- Ymed Forte
- Germosan Nor BP1
- Biofilmstop Cleaner
- Sanosil S010
- Multiusos Desinfectante Bosque Verde
- Deornet Clor
- Dybacol LQ
- Barbicide
- Ambidox 25
- Ecomix Pure Disinfectant
- Oxa-Bacterdet Plus
- DD 4112

Despois de cada limpeza, os materiais utilizados e o equipo de protección utilizado eliminaranse de forma segura, seguido dun lavado de mans.

A xestión dos residuos ordinarios continuará realizándose do modo habitual, respectando os protocolos de separación de residuos.

De igual forma débense limpar e desinfectar correctamente todos os elementos de transporte (caixas e bolsas isotérmicas, mochilas, carros, cascos, etc.).

Estableceranse procedementos de desinfección da mercadoría/paquetes/subministracións recibidas cando sexa posible. Cando polas características da mercadoría, non sexa posible a desinfección da mesma, os traballadores deberán contar con luvas de protección e roupa de manga longa.

Estableceranse puntos para a limpeza e desinfección de mans nestas zonas.

Na medida do posible, serán sempre os mesmos traballadores por quenda os involucrados nas actuacións de carga e descarga, que deberán contar con máscara, luvas de protección e roupa de manga longa.



8.3. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

a. Medidas preventivas xerais

MEDIDA	APLICACIÓN DA MEDIDA	DESENVOLVEMENTO DA MEDIDA
CONTROL E TRAZABILIDADE	GRUPOS ESTABLES	<ul style="list-style-type: none"> - Nos deportes de equipo promoveranse os adestramentos e exercicios individuais, eliminando o contacto persoal entre os compañeiros. - Evitaranse aquelas actividades no centro educativo que supoñan a mestura de alumnos de grupos de convivencia ou clases, así como as que esixan unha especial proximidade. - Os grupos de actividade constituirán un grupo estable de convivencia, integrados polos mesmos membros todo o tempo e co mesmo monitor ao seu cargo. - Realizaranse medicións de temperatura os nenos/as antes do inicio da actividade - As actividades realizaranse sen asistencia de público. Os eventos deportivos ou celebracións que teñan lugar nos centros educativos realizaranse sen asistencia de público. - Os alumnos e os pais deben respectar as normas para o mantemento das medidas preventivas establecidas para garantir a saúde dos alumnos, familias, monitores, profesores e persoal do centro. - Disponerse dunha listaxe dos nenos/as de cada actividade, aulas e espazos que utilizan e compañeiros directos e do teléfono dos seus familiares. - Nas actividades que se desenvolvan cos nenos/ as sentados manterase sempre a localización e levará rexistro por escrito da situación. - Delimitaranse zonas para que os alumnos deixen os seus obxectos persoais, a mochila e a botella de auga. Procurarase que os lugares sexan fixos durante todo o curso. Entregarase ao centro un plano de situación destes lugares, para facilitar o seguimento epidemiolóxico.
DISTANCIA INTERPERSONAL	SEPARACIÓN FÍSICA DE COMPAÑEIROS DE GRUPOS DE CONVIVENCIA DISTINTOS	<ul style="list-style-type: none"> - O traslado á actividade manterase o grupo, evitando que deambulen polo centro alumnos sós. - Os alumnos de cada actividade serán divididos pola coordinadora das actividades que entregará cada grupo ao monitor correspondente e trasladaranse ás salas de desenvolvemento das actividades en grupo. - Separación de 1,5 m no traslado, o acceso e durante o desenvolvemento da actividade con outros compañeiros salvo que se manteña o grupo de convivencia de aula (uso de máscara de protección de forma obrigatoria). - Eliminaranse os lances da actividade que impliquen contacto persoal. - Distancia de 1,5 m con monitores



MEDIDA	APLICACIÓN DA MEDIDA	DESENVOLVEMENTO DA MEDIDA
EQUIPOS DE PROTECCIÓN	USO DE MASCARILLAS	<ul style="list-style-type: none"> - Obrigatoria máscara (excepto por prescripción médica) en nenos de Educación Primaria e recomendable para os alumnos de Educación Infantil. - Obrigatoria para os monitores nas mesmas circunstancias, con respecto aos alumnos.
HIXIENE	LAVADO E/OU DESINFECCIÓN DE MANS	<ul style="list-style-type: none"> - Na entrada á sala na que se realice a actividade colocárase un dispensador de xel hidroalcohólico e unha papeleira con pedal e tapa e con bolsas no interior, as bolsas non poden ser reutilizadas. - Os alumnos lavarán as súas mans antes de acudir á actividade e as desinfectarán con solución hidroalcohólica no acceso á mesma (No caso dos máis pequenos o xel hidroalcohólico non está aconsellado). Ao saír da actividade se desinfectarán de novo as mans. - No momento de entrar á aula ou ó espazo no que se vaia a desenvolver a actividade, dedicaranse uns minutos á desinfección da mesa e cadeira co equipo de desinfección existente na aula (o monitor facilitará a cada alumno papel refugables e solución desinfectante).
	LIMPEZA	<ul style="list-style-type: none"> - Os alumnos manterán unha coidada hixiene persoal e da súa roupa
	HIXIENE PERSOAL	<ul style="list-style-type: none"> - No desenvolvemento das actividades procurarase o uso de utensilios de uso exclusivo (instrumentos musicais propios, raquetas, pelotas...) Os equipos prestados polo centro para a actividade, serán repartidos polo monitor a cada usuario.
	EVITAR O CONTACTO MULTIPLE DE OBXECTOS	<ul style="list-style-type: none"> - As portas de acceso ás salas de desenvolvemento destas actividades permanecerán abertas ata recibir a todos os participantes, a fin de evitar o contacto múltiple cos pomos das portas. Aconséllase que as portas permanezan abertas durante o transcurso da actividade para favorecer a ventilación da aula/espazo.
	DESINFECCIÓN DE EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> - Na práctica das actividades eliminaranse os lances das mesmas que impliquen compartir equipos e, por tanto, manter contactos múltiples nestes sen posibilidade de desinfección nos intercambios. No caso de que isto non sexa posible desinfectaranse os elementos compartidos despois de cada uso.
	LAVADO E DESINFECCIÓN DE MOBILIARIO E SUPERFICIES DE SALA	<ul style="list-style-type: none"> - Os equipos prestados necesarios para a práctica das actividades, que vaian ser usados polos membros doutros grupos, desinfectaranse ao final da actividade de cada grupo. Os equipos utilizados desinfectaranse sempre ao finalizar a actividade. - Eliminar elementos do equipamento que non sexan de material de fácil limpeza e desinfección. - Na medida do posible, manter varios xogos de accesorios para a actividade, que se usarán en xornadas ou, polo menos, en grupos alternos, favorecendo a posibilidade dunha correcta desinfección.
		<ul style="list-style-type: none"> - En cada cambio de grupo realizarase unha desinfección de mobiliario de sala, no seu caso, e de chan da mesma nas actividades cuxo desenvolvemento implique posibilidade de contacto corporal co mesmo.



MEDIDA	APLICACIÓN DA MEDIDA	DESENVOLVEMENTO DA MEDIDA
HIXIENE	LAVADO E DESINFECCIÓN DE MOBILIARIO E SUPERFICIES DE SALA	<ul style="list-style-type: none"> - En cada cambio de grupo realizarase unha desinfección de mobiliario de sala, no seu caso, e de chan da mesma nas actividades cuxo desenvolvemento implique posibilidade de contacto corporal co mesmo. - Realizaranse labores de ventilación frecuentes, durante un período mínimo de 15 ao comezo da actividade, sempre que sexa posible e con medidas de prevención de accidentes necesarios - Cando o clima e as condicións do edificio permítano, as xanelas manteranse abertas o maior tempo posible. - Débese aumentar a subministración de aire fresco.
OUTRAS MEDIDAS	PRIMAR AS ACTIVIDADES Ó AIRE LIBRE	- Nas actividades nas que sexa posible e cando as características climatolóxicas permítano, as actividades desenvolveranse ao aire libre.
	NON CAMBIOS DE ROUPA	- Os alumnos nin efectuarán cambios de roupa no centro para a realización de actividades extraescolares nin para EF. De acordo aos seus horarios, o día que teñan este tipo de actividades virán cambiados de casa, é dicir, levarán chándal e realizarán con este as actividades.
	ACEPTACIÓN DE NORMAS DE TERCEIROS	- Nas actividades extraescolares que se desenvolvan fora do centro escolar, os asistentes axustaranse ás normas de uso, acceso e permanencia nas instalacións establecidas polo recinto de acollida, solicitando información sobre as mesmas antes de acudir a el.
	NON ACCESO DE PAIS	<ul style="list-style-type: none"> - Os pais non poden acceder ao centro para ver aos seus fillos durante a actividade. Os pais acoden cos nenos á porta de acceso do centro, o monitor/para recolle ao neno/a en a porta.. - Os pais non poden entrar no centro. - Non se introducirán efectos persoais do exterior.
	NON COMPATIR BOTELLAS DE AGUA	<ul style="list-style-type: none"> - Nas actividades en que os nenos necesiten beber, levarán botellas de auga de uso exclusivo. Non compartirán en ningún momento alimentos nin bebidas. - As persoas monitoras determinasen as paradas para beber auga de modo seguro e con garantía de distancia de seguridade
FORMACIÓN E INFORMACIÓN	MARCACIÓN DE ITINERARIOS/ZONAS CARTELERIA	<ul style="list-style-type: none"> - Os traballadores das empresas de actividades contarán con información e formación adecuada sobre o COVID-19, especialmente no que se refire a medidas preventivas, medios de protección, e protocolos de actuación. Esta información e formación deberá estar actualizada segundo as indicacións das autoridades sanitarias.. - izar os itinerarios de acceso, saída e entrada, así como de distancia de seguridade entre persoas ou grupos en accesos e corredor de sala - Carteis en acceso de lavado de mans, uso obrigado de máscara en acceso e movementos interiores.



b. Medidas preventivas por actividade

ACTIVIDADE	IDENTIFICACIÓN DO RISCO	MEDIDA PREVENTIVA	MODO DE APLICACIÓN
PATINAXE	<ul style="list-style-type: none"> - Exposición a contaminación por posible contacto persoal e/ou curta distancia interpersonal. - Contaminación cruzada por contacto con elementos de sala sen garantías sanitarias (chan nas caídas) 	<ul style="list-style-type: none"> - Manter distancia interpersonal de 1,5m - Manter condicións hixiénicas de aparellos. Evitar o intercambio de aparellos. - Manter condicións hixiénico-sanitarias do chan e elementos de contacto. 	<ul style="list-style-type: none"> - Práctica individual da actividade. - Uso de máscara obrigatoria durante as actividades para maiores de 6 anos e recomendable para menores de 3 a 6 anos salvo nos casos de exención legalmente previstos. Uso de máscara por parte do monitor. - Manter a distancia de seguridade de 1,5 m entre distintos grupos de convivencia estable. Delimitaranse, de forma clara, os espazos para ocupar por cada un dos grupos de convivencia estable. - Suprimir todas as pezas comúns téxtiles (petos, etc.). - Desinfección de utensilios de uso común (conos, setas...) antes e despois de cada actividade. - Desinfección do chan nos cambios de grupo de actividade mediante pulverización do mesmo con solución desinfectante. - Uso de auga e xabón para desinfección de mans.
IOGA	<ul style="list-style-type: none"> - Exposición a contaminación por posible contacto persoal e/ou curta distancia interpersonal. - Contaminación cruzada por contacto con elementos de sala sen garantías sanitarias (chan nas caídas) 	<ul style="list-style-type: none"> - Manter a distancia interpersonal de 1,5 m durante a práctica da actividade - Manter correctas condicións de hixiene do chan ou das colchonetas 	<ul style="list-style-type: none"> - Uso de máscara obrigatoria durante as actividades para maiores de 6 anos, salvo nos casos de exención legalmente previstos. Uso de máscara por parte do monitor. - Manter a distancia de seguridade de 1,5 m entre distintos grupos de convivencia estable. Delimitaranse, de forma clara, os espazos para ocupar por cada un dos grupos de convivencia estable. - Desinfección do chan ou das colchonetas utilizadas nos cambios de grupo de actividade mediante pulverización con solución desinfectante. - Uso de auga e xabón para desinfección de mans.



ACTIVIDADE	IDENTIFICACIÓN DO RISCO	MEDIDA PREVENTIVA	MODO DE APLICACIÓN
JUDO	<ul style="list-style-type: none"> - Exposición a contaminación por posible contacto persoal e/ou curta distancia interpersonal. - Contaminación cruzada por contacto con elementos de sala sen garantías sanitarias (chan nas caídas) 	<ul style="list-style-type: none"> - Manter a distancia interpersonal de 1,5 m durante a práctica da actividade - Manter correctas condicións de hixiene no tatami 	<ul style="list-style-type: none"> - Practica individual da actividade, sen combate. - Uso de máscara obrigatoria durante as actividades para maiores de 6 anos, salvo nos casos de exención legalmente previstos. Uso de máscara por parte do monitor. - Manter a distancia de seguridade de 1,5 m entre distintos grupos de convivencia estable. Delimitaranse, de forma clara, os espazos para ocupar por cada un dos grupos de convivencia estable. - Desinfección do tatami nos cambios de grupo de actividade mediante pulverización do mesmo con solución desinfectante. - Uso de auga e xabón para desinfección de mans.
